

**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN
XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE**

Rúa Curros Enríquez, 1-4º
32003 Ourense

Asunto:

Alegacións ao Acordo do 1 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do proxecto de central eólica P.E. Monte da Neve e liña de evacuación, situado nos concellos de Celanova e Vereá, na provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/102), DOG nº. 236, de 10 de decembro de 2021.

Don/Dona _____ con DI nº. _____, con domicilio para efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____, en nome propio e en representación de _____.

Expoño:

1

Á vista do Acordo da Xefatura Territorial de Ourense arriba referido, por medio do presente escrito achego as seguintes alegacións, que constitúen **motivos** para informar negativamente sobre o proxecto e denegar as autorizacións para levalo adiante:

1. Estase a producir unha fragmentación artificial que ten por finalidade menoscabar as garantías inherentes aos procedementos de avaliación, pola vía de impedir a avaliación ambiental de conxunto dos proxectos.

É necesario un compromiso político coa integración ambiental do desenvolvemento eólico impedindo tácticas como a individualización de parques eólicos contiguos que comparten infraestruturas comúns, evitando analizar os seus efectos acumulativos ao avalialas por separado ou o fraccionamento dos proxectos, que se analizan como elementos illados cando deberían ser un todo único que se examinase de forma conxunta. Esa avaliación, así como as súas propias insuficiencias, provocan un alto potencial de danos ambientais e patrimoniais non diagnosticados que poden ser irreversibles pola ausencia de avaliación dos ecosistemas afectados. (INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA ao Consello da Cultura Galega, 14.12.2021)

Este estudo de impacto ambiental debería ter en conta, e non o fai, as seguintes infraestruturas:

- proxecto de central eólica P.E. Monte da Neve (Celanova, Vereá)
- central eólica P.E. O Vieiro (Vereá, Bande) EN FUNCIONAMENTO
- proxecto de central eólica P.E. Fonte Santa (Bande, Vereá)
- proxectos de centrais eólicas Lamas de Feás (Baltar, Os Blancos e Calvos de Randín), e Lamas II (Calvos de Randín)
- Liña de Evacuación Lamas de Feás/Lamas II-subestación da Frieira.

No que atinxe á proxectada central eólica P.E. Monte da Neve, só se somete a exposición pública a central e parte da súa liña de evacuación. Non se somete a avaliación ambiental conxunta o polígono e a totalidade das súas infraestruturas de evacuación.

O EIA só ten en conta a liña entre a subestación colectora 220/30 kV P.E. Monte da Neve, e o enlace a un dos apoios da liña de alta tensión LAT 220 kV SET Fonsanta/SET Frieira. **Mais o proxecto de execución fai mención a unha liña de evacuación que comenza nas centrais** Lamas de Feás e Lamas II, unindo as catro centrais, e implantando unha infraestrutura para novos desenvolvementos eólicos a oeste e a leste dese tendido de máis de corenta quilómetros.

As vinculacións operativas entre os parques proxectados son intensas.

A LAT que evacuaría a enerxía da central eólica do Monte da Neve non só daría servizo á central eólica que se proxecta no Monte Grande (Bande). Segundo o documento *Proyecto de Ejecución do PE Monte da Neve*

(páx. 187), esa LAT arrancaríase nas subestacións das centrais Lamas de Feás e Lamas II, entre Calvos e Os Blancos. O tendido percorrería máis de 40 quilómetros atravesando os concellos de (polo menos) Calvos, Porqueira, Bande, Vereia, Celanova, Quintela de Leirado e Padrenda, até chegar á Frieira.

A avaliación dos impactos ambientais é fraudulenta porque agocha a totalidade do proxecto: divídeo en proxectos máis pequenos co fin de salvar as limitacións establecidas na lexislación ambiental.

Neste procedemento estase a vulnerar **a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental e a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.**

Artigo 21. Actividades de produción de enerxía eléctrica.

“5. Formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución e, no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica”.

Tamén se está a vulnerar normativa internacional do alcance do **Convenio de Aarhus.**

Esta fragmentación artificiosa que se acomete ten por finalidade menoscabar as garantías inherentes aos procedementos de avaliación, pola vía de impedir a avaliación ambiental de conxunto dos proxectos. E para superar esa perda de garantías NON resulta suficiente que a avaliación ambiental fragmentada se acometa un estudo de sinerxías, sobre os cales a xurisprudencia ten declarado o seu carácter incompleto e fragmentario. Así, a Sentenza do TSX de Castela e León, Sala de Valladolid, nº 1361/2014, do día 26/06/2014, Fundamento de Dereito sexto, resolución que declarou a existencia de fragmentación artificial:

“Prescindindo, de una consideración de conxunto de los demás parques, la declaración de impacto ambiental realizada, se ha efectuado de forma fraccionada, ello es totalmente claro en cuanto que en la misma se ha prescindido, como se desprende del informe precedentemente citado, de la línea de evacuación eléctrica que conecta con el sistema de distribución general, línea esta que ha de formar parte del parque o parques analizados, y que siendo común a los dos, sirve precisamente, entre otros elementos a considerar, para dar unidad a ambos. **La no integración de dicha línea ha devaluado la declaración de impacto realizada, lo que no puede paliarse con un estudio de sinergias**, que solo considera determinados aspectos, como el de ruido y ambiental, que puede constituir, sí, un plus respecto a los proyectos analizados en conexión con otros, pero que no puede servir para paliar un defecto de concepción inicial, cual debió ser un análisis conjunto de todos los elementos que han de integrar el único proyecto. En otro caso, siempre quedaría al criterio de la Administración la escisión de los proyectos a evaluar completando posteriormente un estudio conjunto de ambos a través de dicho estudio de sinergias, que siempre deberá efectuarse en un proyecto unitario determinado por los elementos inescindibles que lo componen. (...) Las mismas consideraciones han de efectuarse respecto a la duplicación en dos de los procedimientos de autorización, siendo copia mimética el uno del otro, lo que es expresivo de que nos encontramos, no ante dos proyectos, sin ante uno solo, ya que la admisión de este criterio permitiría, no duplicar sino triplicar, cuadruplicar... etc. el proyecto inicialmente concebido, fraccionando las evaluaciones de impacto ambiental, que no puede ser duplicada, para cada uno de los proyectos, sino que, por contra, **la única garantía de analizar todos los aspectos que se han de incluir en el mismo, es desde una visión conjunta, no fraccionada, sin que pueda suplir esta carencia de origen, recurriendo a un análisis posterior de las sinergias que se producen entre los elementos aisladamente analizados**”.

Cómpre salientar que esta sentenza foi **ratificada en casación polo Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, no día 30/03/2017, por medio de Sentenza nº 1390/2017.**

En calquera caso, o proxecto e, en particular, o estudo de impacto ambiental non acometen tampouco unha avaliación acaída de impactos acumulativos e sinérxicos. O proxecto eólico que nos ocupa, dada a proximidade física a aqueles dos que se fragmenta (e outros en funcionamento: P.E. O Vieiro) e, por conseguinte, a súa afección aos mesmos espazos naturais, especies, patrimonio ou poboación require unha análise exhaustiva, ecosistémica e participada que garanta un modelo de desenvolvemento rural equilibrado da zona afectada, no sentido do disposto **no artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade**, que establece que calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable ás especies ou hábitats dos espazos da Rede Natura 2000 (e parte das infraestruturas proxectadas invadirían estes espazos protexidos), xa sexa individualmente ou en combinación con outros

plans, programas ou proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no espazo, tendo en conta os obxectivos de conservación.

Anotaremos aquí que a Rede de Autoridades Ambientais (Subgrupo de coordinación de órganos ambientais na avaliación de impacto ambiental de proxectos de enerxías renovábeis), no documento *Alcance de estudo de impacto ambiental de Proxecto de Parque Eólico Terrestre*, recomenda que se a solicitude administrativa está en tramitación, "no caso de que o mesmo ou diferentes promotores soliciten autorización administrativa de varios parques cuxas evacuacións conflúan a unha mesma nova subestación ou requiran una mesma nova liña de conexión coa rede de transporte de REE preexistente, sempre que o órgano substantivo que deba tramitar e outorgar as respectivas autorizacións sexa o mesmo, para facilitar a avaliación dos efectos acumulados e sinérxicos **recoméndase a súa tramitación simultánea, a elaboración dun estudo de impacto ambiental único para todos eles e solicitar a acumulación das correspondentes avaliacións de impacto ambiental nun único procedemento (artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas)**. No caso de que os parques que comparten elementos de evacuación estean promovidos polo mesmo promotor, suxírese expor a súa autorización substantiva como un único proxecto."

NON queda claro no EIA nin no proxecto de execución do P.E. Monte da Neve que empresa ou empresas promoven a liña de evacuación desde a Fonte Santa até a Frieira, nin tampouco a liña completa desde Lamas de Feás e Lamas II.

Cando se fragmentan os proxectos eólicos, minóranse as garantías de protección ambiental, ao aniquilar a posibilidade de avaliar conxuntamente aqueles proxectos artificialmente divididos.

Que a fragmentación artificial ou de conveniencia deste tipo de proxectos non se axusta a Dereito é unha realidade que veñen corroborando os tribunais de xustiza no Estado español desde hai anos. Así, por exemplo, **a Sentenza do TSXG, Sala Terceira, nº 254/2020, de 9 de novembro**, que apreciou a fragmentación artificial do parque eólico Sasdónigas, en Mondoñedo, **a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 30 de marzo de 2017, nº 556/2017**, ou **a pioneira Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de abril de 2006**, na que se pode ler o que segue:

"Se algún sentido ten dita figura (os parques eólicos), coa significación xurídica que diversas normas lle recoñeceron, é precisamente a de integrar en si varios aerogeradores interconectados e dispoñelos de modo que non atenuen uns o rendemento eólico doutros, en zonas con determinados requisitos mínimos (velocidade e constancia do vento) co fin de optimizar o aproveitamento enerxético e diminuír os custos da súa conexión ás redes de distribución ou transporte de enerxía eléctrica. É consubstancial, pois, aos parques eólicos o seu carácter unitario de modo que os aerogeradores neles agrupados necesariamente han de compartir, ademais das liñas propias de unión entre si, uns mesmos accesos, un mesmo sistema de control e unhas infraestruturas comúns (normalmente, o edificio necesario para a súa xestión e a subestación transformadora). E, sobre todo, dado que a enerxía resultante ha de inxectarse mediante unha soa liña de conexión do parque eólico no seu conxunto á rede de distribución ou transporte de electricidade -pois non se cumprirían os criterios de rendemento enerxético e dun mínimo impacto ambiental se cada aerogenerador puidese conectarse independentemente, coa súa propia liña de evacuación da enerxía eléctrica producida, ata o punto de conexión coa rede eléctrica-, **non é posible descompoñer, a efectos xurídicos, un parque eólico proxectado con estas características para *diseccionar* del varios dos seus aerogeneradores aos que se daría un tratamento autónomo**".

Canto ao impacto negativo das operacións de fragmentación artificial de parques nas avaliacións ambientais, **a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 21 de febreiro de 2014, recaída no recurso 673/2009**, contemplou no seu Fundamento de Dereito sexto o que segue:

"3ª. Diso despréndese que, prescindindo, dunha consideración de conxunto dos demais parques, a declaración de impacto ambiental realizada, efectúase de forma fraccionada, iso é totalmente claro despois de que na mesma se prescindiu, como se desprende do informe precedentemente citado, da liña de evacuación eléctrica que conecta co sistema de distribución xeral, **liña esta que ha de formar parte do parque ou parques analizados, e que sendo común aos dous, serve precisamente, entre outros elementos para considerar, para dar unidade a ambos**. A non integración da devandita liña deprezou a declaración de impacto realizada, **o que non pode paliarse cun estudo de sinerxias**, que só considera determinados aspectos, como o de ruído e ambiental, que puiden

constituír, si, un *plus* respecto a os proxectos analizados en conexión con outros, pero que non pode servir para paliar un defecto de concepción inicial, cal debeu ser unha análise conxunta de todos os elementos que han de integrar o único proxecto. Noutro caso, sempre quedaría ao criterio da Administración a escisión dos proxectos para avaliar completando posteriormente un estudo conxunto de ambos os a través de devandito estudo de sinerxias, que sempre deberá efectuarse nun proxecto unitario determinado polos elementos inescindibles que o compoñen”.

2. A falta de avaliación ambiental estratéxica da planificación eólica en Galiza.

É prioritaria a revisión do Plan Sectorial Eólico de Galicia e o seu sometemento a avaliación ambiental estratéxica, no marco que as Directrices de ordenación do territorio establecen cando regulan o Plan sectorial de produción e distribución de enerxía, para:

- *atender aos obxectivos sinalados nas Directrices da Paisaxe respecto dos obxectivos de calidade paisaxística;*
- *atender á protección dos valores culturais do territorio a través dos que a LEI 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia recoñece o valor patrimonial do territorio; e*
- *atender á protección dos valores naturais dos espazos que aínda non foron incorporados á Rede Natura. (informe ao Consello da Cultura Galega, 14.12.2021)*

A Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, recolle no seu preámbulo que a avaliación ambiental resulta indispensábel para a protección do medio ambiente. Facilita a incorporación dos criterios de sostibilidade na toma de decisións estratéxicas, a través da avaliación dos plans e programas. E a través da avaliación de proxectos, garántese unha adecuada prevención dos impactos ambientais concretos que poidan xerar, ao tempo que establece mecanismos eficaces de corrección ou compensación.

Pola súa banda, o artigo 6, sobre o “ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica”, contempla a seguinte previsión normativa:

“1. Serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans e programas, así como as súas modificacións, que se adopten ou aproben por unha Administración pública e cuxa elaboración e aprobación veña exixida por unha disposición legal ou regulamentaria ou por acordo do Consello de Ministros ou do Consello de Goberno dunha comunidade autónoma, cando:

a) Establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental e se refiran á agricultura, gandería, silvicultura, acuicultura, pesca, enerxía, minería, industria, transporte, xestión de residuos, xestión de recursos hídricos, ocupación do dominio público marítimo terrestre, utilización do medio mariño, telecomunicacións, turismo, ordenación do territorio urbano e rural, ou do uso do solo (...).”

Partindo da base das disposicións citadas, **entendemos que a falta de sometemento a unha avaliación ambiental estratéxica de todo o conxunto do desenvolvemento eólico galego** (o recollido na Planificación Eólica de Galiza dependente da Administración autonómica, e o que se desenvolve de modo independente a través da Administración xeral do Estado), **implica non só que non se cumpran os requisitos previstos na normativa interna aplicábel, senón tamén os que se derivan das seguintes normas do dereito da Unión Europea:**

- **Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de decembro de 2011**, relativa a avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente. (DOUE L 26 /1 de 28.01.2012)

- **Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de maio de 2003**, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co medio ambiente e pola que se modifican, no que se refire a participación do público ó acceso a xustiza, as Directivas 85/337/CE e 96/61/CE do Consello.

- **Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xuño de 2001** relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. (DOCE nº L 197/30, 21-07-01)

Esta escandalosa falta de avaliación ambiental estratéxica da planificación eólica en Galiza, pola súa parte,

deriva “nunha incidencia negativa no funcionamento do sistema” e en “inseguridade xurídica”. A este respecto, **o artigo 53.7 da Lei sector eléctrico**, reza como segue:

“A) O sistema (referido a produción eólica planificada nun territorio) hai que enténdelo coma un todo non fragmentado en partes sometidas a avaliacións ambientais independentes”.

Fronte a este deber ser, os feitos son que, en definitiva, a actual expansión eólica, suma da parte que promove a Administración xeral do Estado e a que desenvolve a Administración autonómica (a través do Decreto 302/2001), nin no seu conxunto, nin por separado, se ten sometido ao devandito proceso de avaliación como Plan conxunto, conforme o disposto no artigo 6 da Lei 21/2013.

En definitiva, a falta de avaliación ambiental da planificación eólica en Galiza, alén diso e alén de equiparar esta Comunidade Autónoma co terceiro mundo en termos de sostibilidade e conservación da natureza, vai en contra da previsión de seguridade xurídica prevista na Lei 21/2013. Esa norma, no seu preámbulo, sinala que “asimesmo, esta lei incrementa a seguridade xurídica dos promotores. O establecemento duns principios aos que debe someterse a avaliación ambiental e o chamamento á cooperación no marco da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente determinará o desenvolvemento dunha lexislación homoxénea en todo o territorio nacional, que permitirá aos promotores coñecer de antemán cales serán as exigencias legais de carácter medioambiental requiridas para a tramitación dun plan, un programa o un proxecto, con independencia do lugar onde pretenda desenvolverse”.

3. O carácter estritamente mercantil e a conseguinte ausencia de utilidade pública do proxecto.

O proxecto P.E. Monte da Neve fai parte dun plan industrial de grandes dimensións, orientado unicamente ao reforzo do sistema oligopolístico de xeración de enerxía. O proxecto non se basea nunha planificación orientada ao aumento da eficiencia enerxética e ao aforro no seu consumo, nin tampouco ao fomento do autoconsumo e produción en proximidade.

Non cabe, xa que logo, considerar que o proxecto é unha contribución positiva para a loita contra o cambio climático.

Polo contrario, supón unha perda significativa de superficie natural e unha grave deterioración dos valores ambientais e servizos ecosistémicos, de tal maneira que os posibles beneficios da implantación da enerxía eólica quedan invalidados polas afeccións globais aos sistemas naturais, causada pola inxente demanda de materiais para a súa construción, ocupación do terreo, aumento de estradas e accesibilidade a zonas sensíbeis, mortalidade e perda de hábitat para as especies e aparición de efectos ecolóxicos negativos en cascada.

O contido do Plan Sectorial Eólico de Galiza nunca chegou a publicarse no DOG para público e xeral coñecemento das súas afeccións, cos conseguintes prexuízos que se están a ocasionar arestora para as familias que viven e residen nos núcleos rurais, que descoñecen na meirande parte dos casos as afeccións eólicas que teñen á beira das súas casas e terras (o seu medio de vida), vulnerándose así **o artigo 9.3 da Constitución española** que promove un principio tan básico nunha democracia como é a publicidade das normas. Polo tanto, calquera utilidade pública ou interese social ou autonómico deste proxecto carece de xustificación, xa que non pode amparar proxectos industriais que se desenvolven ao abeiro dunha planificación sectorial eólica que vulnera de forma flagrante a Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental.

Non só non se xustifica a necesidade social da instalación do P.E. Monte da Neve, ademais está a difundirse un discurso sobre a enerxía "verde" cheo de afirmacións falsas. A enerxía do vento non é infinita, malia que iso sostén a empresa promotora. Ten os seus límites físicos, empezando polas materias primas para construír os aeroxeradores. A promotora non ofrece razón ningunha para que aquí (no noso territorio) se produza electricidade para o consumo eléctrico doutras poboacións. Ningunha. Porque as necesidades enerxéticas (ou de usos do territorio) das familias destas comarcas non se contemplan no proxecto. Porque é falso que o emprazamento de polígonos eólicos non provoque alteracións nos solos. Prodúceas, o mesmo que produce erosión e residuos contaminantes. É tamén falso que a actividade nun solo industrial, como son os dos polígonos eólicos, sexa compatíbel con outras actividades. É falso que os polígonos eólico teñan un impacto socioeconómico positivo pola mera transferencia monetaria dun alugueiro e polos impostos municipais. Os impactos socioeconómicos —como subliña **o recente informe do Consello da Cultura Galega**— deben medirse a través de diferentes parámetros, e as transferencias monetarias son apenas un

deles. E ademais é falso que un polígono eólico cree postos de traballo estábeis.

Todo ese discurso está presente e é recorrente nos documentos presentados a exposición pública pola promotora. É un intento de engano. E a Administración pública debería telo en conta á hora de avaliar o plan empresarial.

4. O engano a través da complexidade técnico-xurídica dos documentos, e a vulneración dos dereitos de participación no procedemento.

Ao proxecto de implantación de parque eólico que é obxecto do presente trámite de información pública, e en particular ao seu estudo de impacto ambiental e á súa autorización administrativa previa, resúltalle aplicábel un corpo normativo que excede o propio ámbito do Dereito interno, autonómico ou estatal. Sen ánimo de exhaustividade, resultan de aplicación, entre outras, as seguintes normas:

- Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
- Convenio Europeo da Paisaxe, establecido en Florencia o 20 de outubro de 2000.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galiza.
- Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.
- Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).
- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Modificada por Lei 7/2018, do 20 de xullo, Lei 33/2015, do 21 de setembro e Real Decreto 1015/2013, do 20 de decembro, entre outras disposición.
- Real Decreto 1432/2008, do 29 de agosto, polo que se establecen medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.
- Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.
- Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas. Modificado por Orde TEC/596/2019, do 8 de abril, Orde AAA/1351/2016, do 29 de xullo, Orde AAA/1771/2015, do 31 de agosto e Orde AAA/75/2012, do 12 de xaneiro.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.
- Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.
- Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.
- Lei 9/2018, do 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

-Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

-Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

-Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Entre a sociedade, e nomeadamente entre as persoas directamente afectadas polo desenvolvemento eólico, existe unha grande preocupación no modo no que este tipo de enerxía está a experimentar unha expansión que resulta irracional e desproporcionada, á vista do grande número de proxectos que están a ser tramitados, tanto pola Administración autonómica como pola Administración xeral do Estado.

Nesta liña, un relevante número de particulares evacuaron alegacións no presente trámite de información pública. Porén, realizar o trámite non pode levarnos a concluír, nin moito menos, a plena satisfacción dos dereitos deses cidadáns á participación nos asuntos públicos. A lista de normativa á que acabamos de referirnos pon de manifesto, ben ás claras, as dificultades inherentes a poder evacuar unas alegacións acaídas fronte a un proxecto tecnicamente moi complexo e voluminoso nun prazo de tempo curto. O proceso de implantación destas enerxías limpas, xa que logo, semella consistir nunha dinámica na cal quen pretende implantar o proxecto dispón dunha lexislación feita á súa medida, ademais de plenitude de medios técnicos e económicos, e fronte esa parte, a contraparte nin dispón de medios económicos, nin dispón de coñecementos, nin dispón de normativa que ampare a súa posición.

O Consello da Cultura Galega constata: “Non se pode equiparar a participación pública coa información pública, xa que a segunda non pode substituír á primeira. A planificación dos territorios susceptibles de acoller parques eólicos debe contar coas comunidades locais polo seu coñecemento do territorio, sen furtarlles o dereito a ser parte das decisións que afectan a súa relación co territorio que habitan, segundo ampara o Convenio europeo da paisaxe.”

Hai indefensión polo uso dun idioma non oficial na Galiza.

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, a través da 'Liña do galego', formalizou unha queixa **o día 14 de decembro de 2021** diante da Valedora do Pobo polo uso dunha lingua NON oficial nun documento a exposición pública. Tamén deu curso da mesma queixa á Secretaría Xeral de Política Lingüística e á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. A plataforma STOP EÓLICOS XURÉS CELANOVA tamén se dirixiu a mesma consellería **o día 27 de decembro de 2021**, sen ter recibido resposta na data na que se asina o presente documento de alegación.

O uso dunha lingua NON oficial na Galiza prodúcese nun dos anexos (nº 14, completo, 40 páxinas) do Estudo de Impacto Ambiental do P.E. Monte da Neve e repítese no Proxecto de Execución. Malia as advertencias a órganos da Administración pública galega, esta mantívose en silencio e o procedemento prosegue, incorrendo en indefensión da cidadanía galega.

5. Afección severa e prexuízos irreparábeis para a paisaxe.

No proxecto di: “los aerogeneradores y apoyos de la LAT no supondrán una alteración significativa en un paisaje en el que estos elementos ya forman parte del mismo desde hace años y que simbolizan un cambio social en la generación de la energía”.

DEGRADAR a paisaxe aludindo a unha degradación anterior NON é aceptábel.

Incidir na degradación é rebaixar un dereito a un grupo de cidadáns: é incidir na súa discriminación como colectivo e como individuos.

A plataforma veciñal STOP EÓLICOS XURÉS CELANOVA considera propio dun país colonizado, cun goberno da Xunta disposto a asumir a perda dos sinais de identidade do país que se supón que está obrigado a defender (cultura, lingua, patrimonio, paisaxe, natureza...) ter que sufrir esta nova aldraxe, máxime cando é ese mesmo goberno da Xunta o que está a alardear das moitas iniciativas que está poñer en marcha por aplicación da Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galiza.

É inadmisíbel que se pretenda colocar este parque eólico a tan só 4 quilómetros de distancia e á vista do núcleo de poboación máis importante da Terra de Celanova, lugar onde se concentra case un terzo da

poboación de toda a comarca formada por oito concellos, un parque eólico de torres que coas súas aspas van acadar a espantosa altura de 180 metros, sobre unha penechira que xa se levanta 300 metros sobre o val, nunha vila que ten ademais tres Bens de Interese Cultural dos cales dous son Monumentos Nacionais.

Neste sentido sería de agradecer que a simulación infográfica dos distintos horizontes que aparecen no documento (anexo 3, EIA, páx. 154-174) se presentara de novo e nunha resolución suficiente que permita apreciar debidamente o impacto sobre a paisaxe, cousa que agora resulta practicamente imposible de avaliar, ben pola baixa resolución ou incluso porque as infografías están mal feitas ao non se recoller na segunda foto a situación con proxecto tal e como contrariamente se indica no texto que acompaña, caso por exemplo de varias das vistas dende Celanova ou dende Vilanova, o que resulta realmente estraño e rechamante.

Realmente, como é posible que vilas culturais e patrimoniais de Galiza como son Celanova e Vilanova dos Infantes, berce de afamados escritores e poetas, coa súa aposta de futuro polo turismo e a captación de visitantes, teñan que soportar semellante aldraxe?, teñan que asumir que os parques eólicos deben formar parte da súa vida e das súas paisaxes como símbolos da modernidade que traen os novos tempos, tal e como cinicamente se ten chegado a afirmar? Por que non llelo explican así aos cidadáns de Alemaña, país de orixe da empresa promotora; a ver que opinan?

Existe unha afección irreversible a paisaxes peculiares e identitarias como:

Monte da Chaira, Monte de Fontechide, Penagache, Alto do Oural, Pozos da Lagoa, Pozo da Lagoa, Monte da Neve, Casa da Neve, Monte Porro, Altos da Lagoa, Alto de Abelleira, Portalez, Fonte Abilleira, A Laxa de Ares, Carballeiras, Oural, Castelos, O Areal, Gontensa, Fonte da Loba, Fonte Bieita, Coto da Corga, Monte Penedo Redondo, Corga Amedo, Rochairo, A Fraga, O Porto da Auga Levada, Coto Riscado, Portas, Porta Lamas, Xamando de Riva, Coto da Atalaia, Pedra da Arca, Alto do Outeiro de Augas, Outeiro das Lebres, Outeiro de San Mamede, Monte Grande, Coto da Vella, Coto do Cambo, Porto, Porto Rodebois, Porto da Ponticela, Outeiro de Nigueiroá, Mazairo, A Moa, O Foxo, Montes do Cexo, Muíños do Canepo, Outeiro de San Mamede, A Coutada, Ermida de San Mamede, Lombas da Pena da Edra, Penedo da silva, A Vela, Outeiro de Augas, O Frielo, Os Pitos, A Pedreira, Moure, Capela de San Lourenzo, Lamacova, Outeiro do Cañón, A Lagoa, A Corga, Costa do Arcaz, Penedo Grande, Seigrisiñas, Adabranda, As Cinco Fontes, A Chaira, A Corga Longa, Penedos da Santa, Coto da Moura, Serra do Leboeiro, Monte de San Cibrao, Frouza, Outeiro, Gándara Chan, Outeiro de Ermide, Serra de San Marcos.

No caso de se instalar a central eólica nas condicións previstas no proxecto, produciranse prexuízos para o Camiño de San Rosendo e da Rainha Santa, un ramal que vén dende o norte de Portugal e que en Ourense liga coa Vía da Prata ou Camiño Mozárabe. Habería prexuízos irreversíbeis para as Áreas de Interese Paisaxístico (AEIP): Río Arnoia, Castromao, Monte Castrelo, Cadoiro da Fíveda e Touzas da Saínza. Ademais, existe unha afección paisaxística importante a lugares como o Mosteiro de Celanova, a Capela e San Miguel, a Casa de Curros Enríquez, a Torre de Vilanova, Vilanova dos Infantes, o xacemento castrexo de Castromao e o alcázar de Milmanda. Tamén, á rede de miradoiros. Empezando polo Miradoiro de Penagache, lugar peculiar e identitario para a poboación da zona, son visíbeis todos os aeroxeradores. O mesmo acontece nos miradoiros Monte do Castro, San Cibrao e Briñal, o máis recente de todos e o máis próximo á poligonal. Dáse tamén unha afección severa aos roteiros do Río Arnoia, ao Sendeiro Celanova – Serra do Leboeiro, á Ruta do Leboeiro, á Ruta San Rosendo e á Ruta Currosiana.

A paisaxe, tal e como recollen a día de hoxe as normativas aplicábeis na materia, especialmente a Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galiza, é un elemento esencial no benestar e calidade de vida das persoas, formando parte do noso patrimonio natural e cultural. Debe lembrarse que o Estado español, por outra banda, ratificou **o Convenio Europeo da Paisaxe, establecido en Florencia o 20 de outubro de 2000** (ratificación publicada no BOE nº.31, de 5 de febreiro de 2008).

No relativo ao impacto paisaxístico e a análise de visibilidade, o proxecto P.E. Monte da Neve límtase a evidenciar un impacto negativo significativo ao patrimonio paisaxístico do territorio.

Asegura a promotora que “frente al impacto de un parque eólico formado por un número elevado de máquinas de menor tamaño y potencia, pudiendo comprobar que el parque eólico formado por menos máquinas de mayor tamaño y potencia como el que se proyecta transmite una sensación de homogeneidad y orden en el paisaje frente al parque eólico que presenta un elevado número de máquinas que se convierte en foco de atención para el observador, con una sensación de saturación del paisaje y gran ocupación del

suelo y del horizonte”.

A promotora significa positivamente as máquinas máis altas (“sensación de homogeneidad y orden en el paisaje”) fronte á “sensación de saturación del paisaje y gran ocupación del suelo y del horizonte” das máquinas máis pequenas. Non achega evidencia científica ningunha destas afirmacións. E o mesmo sucede cando advirte que unha vez degradada a paisaxe da zona pola presenza dos aerogeradores do P.E. O Vieiro, a degradación paisaxística engadida polos proxectos para o P.E. Monte da Neves será menor... malia que estas máquinas son 100 metros máis altas que as outras.

Nas páxinas 206 a 208 do Anexo n.º3 do EIA, a promotora indica que “la población global situada dentro de la cuenca visual del parque eólico es reducida” (uns 30.808 habitantes). O que para a empresa é unha poboación reducida, en termos provinciais supón o 10%.

A continuación, a promotora matiza: “de los 30.808 potenciales observadores situados en el área de estudio de 15 km, solo el 44% reside en zonas habitadas desde donde habría una visualización continua de alguna de las partes de alguna de las máquinas, por lo que los potenciales observadores respecto a la población residente sería de unos 13.627 observadores”.

Cómpre chamar a atención neste punto sobre que o P.E. Monte da Neve é só unha parte dun plan moito máis amplo que vén desde os concellos limiaos dos Blancos e Baltar até Celanova e continúa até a Frieira nunha liña de máis de 40 quilómetros que atravesa a parte occidental da provincia. Nese arco, están en trámite catro centrais eólicas para acompañar a do Vieiro.

6. Afeccións severas ao patrimonio cultural e eivas na catalogación e na protección.

A mobilización veciñal en defensa da Casa da Neve e os lugares primitivos vinculados á fundación do Mosteiro de Celanova foi determinante para que a empresa se vise obrigada a variar en apenas un ano a localización dos aerogeradores. O estudo de impacto ambiental e proxecto de execución presentados en decembro de 2021 conteñen modificacións substanciais a respecto do documento inicial presentado en febreiro de 2021. O que este último plan trata de evitar é entrar en colisión con elementos identificados polo informe do arqueólogo municipal de Celanova, de abril de 2021, e que o Concello de Celanova non fixo público para coñecemento da veciñanza. Mais, agora, as novas localizacións dos aerogeradores provocan outros impactos sobre o patrimonio, que si salvaba o primeiro proxecto. Isto recoñéceo a propia empresa no anexo 5 do EIA.

Así, o EIA asume “un nivel de impacto severo” (páx. 24 do anexo 5) a catro dos “18 dos bens patrimoniais do ámbito de estudo (...) dentro do ámbito de afección da obra” (páx. 74). Recoñece que nos dous últimos estudos sobre o patrimonio desa área —o informe municipal e o propio estudo encargado pola promotora— apareceron “**tantos nuevos elementos arqueológicos, no catalogados hasta el momento**”; e engade que iso “**no significa que durante la ejecución del proyecto no puedan aparecer elementos nuevos**” (páx. 75-77). E advirte que “**hay que tener en cuenta que bajo esta manta de vegetación podría haber algún elemento no detectado durante estos trabajos de prospección**” (páx. 85).

O que están a informar estes dous estudos parciais da riqueza arqueolóxica da área ameazada pola instalación da central eólica é da posibilidade de que esta área conserve un tesouro arqueolóxico que inclúe elementos sen protección ou sen catalogación desde a época megalítica até a Idade Media. **E cómpre indicar neste punto que o informe municipal recomendaba poñer en coñecemento dos responsábeis autonómicos de Patrimonio o resultado daquelas pescudas para iniciar o proceso da catalogación e protección.**

A partir da individualización das principais accións que implican o proceso de construción dun parque eólico e a súa infraestrutura de evacuación, é posíbel identificar aquelas que, a priori, presentan un maior risco de afectar o patrimonio cultural. Esta identificación das accións de risco levada a cabo con rigor e precisión na Avaliación de Impacto Cultural, detecta varios impactos severos que mesmo poden chegar a ser críticos, dado o desenvolvemento dos traballos na área de protección dos bens arqueolóxicos.

O feito de que a zona de implantación da explotación industrial eólica fose unha área utilizada polos seres humanos polo menos dende o Neolítico fixo propensa a localización de elementos do Patrimonio Cultural, tanto arqueolóxicos como etnográficos, históricos e artísticos; sendo neste caso os monumentos megalíticos os principais afectados pola acción das obras proxectadas.

Nos arredores do Pozo da Lagoa, están proxectadas obras de ensanche de pistas e vías de acceso ao parque eólico nas áreas de protección das mámoas M1, M2, M3, M4 e M5 do Pozo da Lagoa. Neste caso a máis afectada sería M2, con movementos de terras a escasos 50 metros do túmulo.

Nas mámoas do Monte do Oural, M1, M2, M3, M4, M5 e M6, proxéctanse mesmamente obras de ensanche de vías e accesos nas súa áreas de cautela, sendo as máis afectadas M4 e M5 a menos de 25 metros do túmulo megalítico.

MONTE OURAL. O xacemento catalogado como Monte Oural, con obras proxectadas a 110 metros del, trátase dun xacemento moito máis complexo e extenso pola dispersión de material, co cal se establece unha área de risco ou impacto hipotético que podería afectar ao propio xacemento.

O propio EIA advirte que este é o xacemento máis delicado e afectado pola nova localización das infraestruturas da central eólica. Así, na páx. 83, constata: "es necesario comentar el caso del yacimiento de Monte Oural (GA32084071, una antigua mina romana de explotación aurífera. El inicio del vial de acceso al parque eólico se proyecta a más de 110 m de distancia de este yacimiento, afectando directamente a su área de cautela, por lo que hemos considerado proponer un impacto moderado. Sin embargo, la naturaleza de este yacimiento parece ser mucho más compleja y su delimitación actual podría ser demasiado constreñida. Así, en los trabajos de Xeolocalización de 2018 se propuso una delimitación mucho más extensa del yacimiento (reflejada en nuestra cartografía) que se vería afectada directamente por más de 750 m de vial y por más de 500 m de zanja de cableado. Por todo ello, se debería establecer la máxima cautela sobre este yacimiento, proponiendo un control arqueológico de todos los desbroces y movimientos de tierra que se realicen dentro de dicha delimitación extensa."

É importante atender ás ALERTAS que se lanzan desde o propio informe:

- **“la naturaleza de este yacimiento parece ser mucho más compleja y su delimitación actual podría ser demasiado constreñida”**
- **“se propuso una delimitación mucho más extensa del yacimiento que se vería afectada directamente por más de 750 m de vial y por más de 500 m de zanja de cableado”**
- **“ se debería establecer la máxima cautela sobre este yacimiento”**

É importante subliñar que o propio informe NON ofrece solución para estes riscos. Este é un dos impactos sinalados pola parte empresarial e pola parte científica que aconsellan aplicar o principio de prudencia e optar pola “Alternativa CERO”.

No caso das mámoas do Alto da Lagoa, as obras nas vías de acceso e gabias proxéctanse entre os 150 e 200 metros, tamén dentro da área de cautela dos xacementos.

En todo caso é de salientar que segundo a Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia non están permitidas obras nin remocións de terras nas áreas de protección dos xacementos arqueolóxicos.

No caso do Pozo da Lagoa, determínase **un impacto visual brutal**, debido a que a Chaira da Lagoa representa unha paisaxe neolítica formidábel, con varios túmulos megalíticos dispersos, a Lagoa, os espazos de produción agrogandeira... todo en perfecto equilibrio coa paisaxe, cuxa implantación dun parque eólico representa unha seria ameaza.

Do mesmo xeito, é un impacto directo sobre un gran recurso cultural como é **o Camiño Natural de San Rosendo** que discorre a media ladeira no monte do Oural e o monte da Lagoa, entre Vereas e Celanova. Esta vía cultural, proposta recentemente para ser estudada como camiño Xacobeo e xa recoñecida pola Igrexa, representa uns valores naturais e paisaxísticos de máximo nivel, sendo desvirtuados estes valores co establecemento de aeroxeradores de 180 metros de alto no horizonte que desvirtúen a paisaxe.

O Estudo de Impacto Cultural realizado dá razón destes elementos e do problema xerado para cada un deles. Mais dende o punto de vista da plataforma veciñal, **toda esta riqueza patrimonial complementada coa riqueza paisaxística que forma todo un conxunto natural-patrimonial non é viábel coa instalación dunha explotación industrial eólica.**

7. Afeccións severas á vexetación, aos hábitats naturais e á flora, e a necesidade de protexelas. O estudo sobre as augas é incompleto.

No documento presentado recóllese como *Anexo nº 1 “Estudio cero da vexetación, hábitats naturais e flora”* que no territorio de afección do parque eólico cos seus compoñentes: torres, redes de evacuación, subestación, etc, non se atopa ningunha especie de flora considerada como especie ameazada pola vixente lexislación ambiental e de protección da natureza, ou o que é o mesmo, ningunha das especies de flora do Monte da Neve do concello de Celanova e da Chaira de Albos do concello de Verea poden considerarse como en perigo de extinción, vulnerábeis ou están incluídas no listado de especies silvestres en réxime de protección especial.

Á vista do inventario de flora realizado polas persoas encargadas deste estudo parece que en efecto as especies que se atopan neste territorio non gozan de ningunha protección especial, como tais taxons considerados separadamente.

Estamos a falar de especies frecuentes neste territorio e tamén en moitas partes de Galiza como toxos (*Ulex gallii* e *Ulex europaeus*), carpazas (*Halimium lasianthum alyssoides*), breixos e queirugas de varias especies como *Daboecia cantabrica*, *Erica cinerea*, *Erica umbellata* ou *Calluna vulgaris*, e outras menos frecuentes como as leguminosas: xesta amarela (*Cytisus scoparius*) e piorno (*Cystisus purgans*). Dentro das especies arbóreas cabe resaltar a presenza dalgún bosque de bidueiros ademais dalgúns rebolos na zona por onde pasa o segundo van da LAT.

Porén, esta ausencia de protección normativa canto ás especies de flora presentes no territorio e consideradas individualmente contrasta coa protección e cautela que a lexislación ambiental e en particular a Directiva Hábitats 92/43/CEE establece para as formacións vexetais ou asociacións fitosociolóxicas consideradas por esta norma como hábitats naturais de interese comunitario, e que, como veremos, **algunhas delas si están presentes na área de afección** do parque eólico, e incluso están consideradas como prioritarias para efectos da súa conservación pola normativa comunitaria.

En efecto, a presenza de varios hábitats considerados de interese comunitario nesta zona é indiscutíbel, por moito que o estudo presentado polos promotores pretenda minimizar a importancia do impacto do parque eólico sobre eles, subliñándose cousas como que a superficie afectada é “practicamente desprezable” ou que a meirande parte destas formacións se atopan na área de implantación do parque eólico nun estado “degradado”.

Estamos a falar, particular e especialmente, de dous hábitats catalogados pola Directiva europea como: 4030 “breixeiras secas europeas” e sobre todo o 4020 “breixeiras húmidas atlánticas”, consideradas estas últimas pola Unión Europea como de interese prioritario para a conservación, pola súa rareza e excepcionalidade ao emprazarse sobre solos húmidos e mesmo higroturbosos, e darse exclusivamente nos países meridionais da orla atlántica.

Non estamos para nada de acordo co que se afirma no estudo de que estes hábitats naturais, particularmente os dous anteriormente referenciados, se atopan degradados, nin que a superficie de afección a estes hábitats é insignificante, tal e como se di por exemplo na páxina 45: “En estas áreas se ha inventariado de nuevo el hábitat 4030 degradado anteriormente citado, y una superficie prácticamente desprezable de hábitat 4020”. E non o estamos porque cremos que en contra do afirmado no documento **si hai unha presenza importante e que non se pode obviar tanto do hábitat 4030 Uceiras secas europeas** como especialmente do hábitat 4020 breixeiras húmidas atlánticas, caracterizados pola presenza de dúas especies clave para a conservación como son *Erica tetralix* e *Erica ciliaris*, e cuxa presenza nos alerta de que estamos na contorna dunha zona húmida de alto interese.

Porén, e como sempre, os redactores do documento intentan minimizar estes impactos insistindo no estado de degradación dos hábitats, tal e como se apunta na páxina 42: “Se inventarió un hábitat 4020 en una zona húmeda al Norte del aerogenerador 05, ocupada por especies herbáceas gramíneas, y por brezos típicos de zonas húmedas, como Erica tetralix y Erica ciliaris. Sin embargo, se encuentra bastante invadido de tojo y especies herbáceas” (os subliñados deste parágrafo son nosos).

A importancia desta zona húmida que, como podemos comprobar no documento se cita sucintamente e de pasada, foi obviada e minimizada intencionadamente para non ter que recoñecer que o impacto da obra sobre os hábitats naturais presentes si é significativo. **En efecto, como toda a xente que vive na contorna ou que coñece este territorio sabe, xusto no centro da área de afección deste pretendido parque eólico se atopa unha lagoa estacional de grande interese ecolóxico e ambiental, tanto pola presenza**

nese lugar de hábitats naturais cuxa conservación se considera prioritaria nas políticas medioambientais da Unión Europea, como polas especies de anfibios cuxa vida depende desta pequena lagoa.

Estamos a falar da presenza neste territorio e particularmente en toda a área que espalla entre os aeroxeradores nº 3 e 6, pasando polos nº 4 e 5, dunha lagoa temporal ou estacional en área de montaña, un hábitat natural que segundo a Directiva Hábitats 92/43/CEE pensamos que se trata do hábitat clasificado como 3160, coa denominación de “Lagos e charcas distróficos naturais”, un hábitat especial e reducido, que se presenta en mosaico precisamente asociado ao hábitat natural anteriormente citado 4020* de “breixeiras húmidas atlánticas”.



Como proba indiscutíbel da súa existencia xuntamos unha foto da lagoa durante o inverno, o que nos leva a preguntarnos se os redactores do documento obviaron ou esqueceron estudar o territorio cando menos ao longo de todo un ciclo anual, limitándose a observalo e estudalo unicamente durante o “bo tempo”, pois doutra maneira non se entende que esqueceran esta tan interesante zona húmida, ou de que non apareza en ningunha das moitas fotos que acompañan o documento.


Tan notoria que é o nome ou topónimo polo que se coñece este territorio: “A LAGOA”, xunto con outros similares e próximos como “Corga da Lagoa”, “Pozos da Lagoa” ou “Altos da Lagoa”, e que nos sinalan claramente a presenza no só deste hábitat natural de auga doce, senón tamén da braña asociada a el e cuxa destrución será inevitábel caso de chegar a executarse o proxecto, unha obra que impacta de cheo tanto sobre a lagoa como sobre as especies de anfibios e mesmo de avifauna acuática asociadas a ela. Sen esquecer ademais que o bosque de bidueiros que alí se atopa, e cuxa existencia está directamente relacionada precisamente con esta zona de elevada hidromorfía, verá tamén comprometida seriamente a súa supervivencia

Pedimos por isto, e tamén porque algúns destes hábitats non aparecen ou aparecen minimamente representados na base de datos e nos mapas dos hábitats naturais do MITECO que foron empregados no estudo, así como nos propios mapas elaborados polos redactores deste traballo, que por parte da Xunta, e particularmente por parte da Consellería de Medio Ambiente, organismo responsábel da conservación da natureza e particularmente da protección dos hábitats naturais, que ben directamente ou a través de entidades que contan cunha grande experiencia, como é por exemplo o IBADER (Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural da Universidade de Santiago de Compostela no Campus de Lugo), se realice un estudo para confirmar a presenza destes hábitats naturais de interese comunitario e incluso prioritarios, e se valore o que nós entendemos como un severo e significativo impacto sobre eles, ao estarmos en pleno desacordo co exposto pola empresa que non só cualifica o impacto de “practicamente desprezable” sobre uns hábitats que considera ademais “degradados”, chegando incluso a omitir a súa existencia, como é o caso da lagoa natural que dá nome precisamente a área onde se pretende asentar o

parque eólico, tal e como se pode comprobar facilmente consultando a toponimia na cartografía oficial.

De igual xeito solicitamos desta mesma Consellería de Medio Ambiente que se constate se a devandita lagoa e estes hábitats se atopan incluídos no Inventario de Zonas Húmidas de Galicia aprobado por Decreto 127/2008 do 5 de xuño, e do que, dende a súa creación, nada máis se volveu saber nin temos acceso a el. E, no caso de non estar, se inclúa no referido inventario.

No seguinte mapa, sinalamos tres zonas que anegan nos invernos e dan conta da riqueza hídrica da área directamente afectada polas novas localizacións dos aerogeradores.



A liña laranxa, entre os aerogeradores T04 e T05 é o círculo máis grande, entre os aerogeradores T05 e T06, son zonas que inundan e non aparecen identificadas no informe de impactos co que a promotora pretende obter os permisos para instalar a infraestrutura. O círculo laranxa máis pequeno, próximo á máquina T05, é a única zona que anega que aparece sinalada no informe.

A promotora propón a modificación de cualificación urbanística e regulación detallada do uso pormenorizado para recualificalo como solo rústico de especial protección de infraestruturas. De acordo co previsto no **Artigo 34.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia**, cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de solo rústico de especial protección, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria, prevalecendo aquel que outorgue unha maior protección (que neste caso non é a de solo de infraestruturas). Polo tanto, desde o punto de vista urbanístico o proxecto eólico Monte da Neve é incompatible. A promotora pretende unha recualificación urbanística non amparada legalmente en relación ao solo rústico.

Ao anterior hai que engadir a prevalencia da protección ambiental do Artigo 2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos dá devandita prevalencia”.

A maiores, os documentos presentados pola promotora deben ser revisados á luz da protección ambiental reforzada da **Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992**. Os hábitats naturais de interese comunitario requiren de zonas de especial conservación conforme á Directiva. **Non poden ser, por tanto,**

nin eliminados, nin degradados. A normativa citada indica expresamente que estes hábitats deben ser conservados e manterse nun estado de conservación favorábel.

O ESTUDO SOBRE AS AUGAS É INCOMPLETO. A promotora obvia as captacións de auga para o uso humano e agrogandeiro e os mananciais e fontes que hai na poligonal do parque eólico e no traxecto da liña de evacuación. O estudo hidrolóxico realizado pola empresa é incompleto. Trátase dunha zona ondea abrollan fontes no terreo e se configuran corgas e vales fluviais. Existe por tanto unha afección severa e irreversíbel aos recursos hídricos:

Na paraxe de Portalez nace un regato innominado. Na Fonte Abilleira nace un regato que alimenta unha zona de turbeiras e terreos húmidos permanentes. No Penedo Redondo nace o regato da Lagoa, á beira de Rochairos de Penadreda, en pleno Monte Oural. Atravesa o Oural, Os Castelos, A Catalina, Carballeiras, a Fonte da Loba ata tributar no río de Cexo.

Outro regato nace na paraxe do Recarei, no monte Penedo Redondo, que dá lugar ao regato Lamatapada. No Val de Moredo nace outro regato que configura un val fluvial. Na paraxe de Cachiquimbra, no Monte da Neve nace outro regato. Tamén na paraxe da Esperanza nace outro regato, que se xunta co anterior no lugar do Casarico, e que tributa na Corga de Sampil.

Esta corga nace na paraxe de Portalez e vai recollendo as augas no seu discorrer. No Rañadoiro nace outro regato á beira da paraxe de Portugueses. Outro regato nace na Cortiña Vella, á beira das Tornadas. Atravesa o Pontillón e tributa no Regueiro e Niveiroa, que atravesa o Castro, a Cividá, o lago de Pasas na Pontenova de Vereia. Na Cortiña de Arriba nace outro regato que desemboca no río Ourille.

Na Fonte Abilleira, na paraxe da Corga, nace o regato da Fonte Terrosa, que atravesa as Moas e Cabiancas ata tributar no rego do Pontillón. O rego Pontillón atravesa o monte comunal de Amoroce. Neste monte nace outro regato na paraxe da Cortiña do Pozo, atravesa a paraxe Por Arar, As Fontiñas, O Fontillón ata o núcleo da Amorociña. No mesmo monte comunal, á beira das Laregadas, nace outro REGATO que se xunta ao anterior no núcleo da Amorociña e ás augas da Corga de León. Todas elas tributan na Corga de Sampil.

Tamén está o regato da Corga, a Corga do Pozo e Corga Longa que recollen as augas do Alto da Abelleira. A promotora non avalía a calidade das masas de auga afectadas polo proxecto. Non existe ningún estudo sobre a importancia das corgas, moi abondosas na área do proxecto e na poligonal do parque e dos vales fluviais. Non se miden os caudais dos regatos afectados e non se garante a integridade dos acuíferos e das masas de auga soterradas. Tamén se obvia a calidade destas.

Neste motivo de oposición ao proxecto indicaremos, finalmente, que o solo é un recurso natural non renovábel e finito cuxo proceso de formación leva centos de anos. Os solos son unha parte fundamental no equilibrio dos ecosistemas: funcionan como filtro e amortecedores ao reter substancias, protexen as augas subterráneas e superficiais contra a penetración de axentes nocivos e transforman compostos orgánicos descompoñéndoo ou modificando a súa estrutura conseguindo a mineralización. A implantación dos eólicos proxectados do parque eólico Monte da Neve e a súa liña de evacuación alterarían os ciclos bioxeoquímicos dos solos. A degradación que sofren os chans supón unha ameaza á capacidade deste recurso para satisfacer as necesidades das futuras xeracións.

8. Impactos sobre a avifauna.

No anexo nº. 2 do EIA descríbense os impactos do proxecto sobre a avifauna. En primeiro lugar, queremos subliñar que o documento sinala a necesidade de realización de estudos de seguimento de avifauna e quirópteros "por al menos 1 año", e en cambio no Estudio unicamente se analizan datos con base en visitas á zona de 4 meses (introdución e punto 3.3.2.3). Segundo o apdo. 3.4, nalgunha das tomas de mostras ("*rapaces nocturnas y estaciones de detección de especies del género Circus*") só se recolleron datos en 2 meses.

En segundo lugar, indícase presenza con base na bibliografía na contorna da zona de estudo de 12 especies de aves rapaces diúrnas e 4 especies de aves rapaces nocturnas, mentres que os resultados dos censos/*transectos* realizados mostran só resultados de 4 e 2 especies respectivamente. Dado que segundo o indicado previamente, non se realizaron mostraxes durante todo un ano, os resultados e conclusións indicadas son cando menos parciais e non poden considerarse válidas. (Puntos 4.1.1 e 4.1.2)

Ademais do caso das especies do xénero *Circus*, que se tratará máis en detalle no seguinte apartado, detéctase no Estudo a presenza das seguintes especies incluídas **no Anexo I da Directiva Aves (Directiva 2009/147/CE)**: *Sylvia undata*, *Milvus migrans*, e *Lanius collurio*. Segundo esta directiva, as especies do Anexo I **deben ser obxecto de medidas de conservación especiais canto ao seu hábitat**, co fin de asegurar a súa supervivencia e a súa reprodución na súa área de distribución. (Punto 5.1)

En terceiro lugar, anotaremos que se detectou a presenza de 2 especies de aves rapaces diúrnas cunha figura de protección de Vulnerábel segundo o Catalogo Galego de Aves Ameazadas, son a *tartaraña cincenta* (*Circus pygargus*) e a *gatafornela* (*Circus cyaneus*). A primeira delas, *Circus pygargus*, con categoría de Vulnerábel no Catálogo Español de Aves Ameazadas e presente no Anexo I da Directiva de Aves, **presenta numerosas observacións nos censos realizados, con indicación de probábel nidificación na área de estudo de 2 parellas**.

Esta especie está a sufrir un descenso poboacional importante, sobre todo no Norte peninsular e en Galiza en particular, segundo o último censo estatal da especie (Arroio, et. Ao, 2019) e de acordo ao indicado no *Libro Vermello das Aves de España* (2021), "obsérvase un forte e xeneralizado declive na metade occidental do territorio".

Merece especial atención o feito de que aínda **estando esta especie no Catalogo Galego de Especies Ameazadas desde hai máis de 10 anos, non se estableceu, segundo indica a lexislación, un Plan de Conservación da especie**.

A segunda das especies, *Circus cyaneus*, tamén incluída no Anexo I das Directiva Aves. cunha soa observación na área de estudo, sofre igualmente unha forte regresión das súas poboacións nidificantes, o que supuxo que a recente revisión do *Libro Vermello das Aves de España* a catalogue como En Perigo. (Punto 5.2)

A respecto das conclusións do documento (Punto 7), cómpre subliñar que **o informe que achega a promotora do P.E. Monte da Neve di que faltan estudos e visitas por realizar á área do proxecto**. Cómpre aplicar, polo tanto, tamén nesta cuestión, o principio de precaución.

Maniféstase a presenza de especies protexidas do xénero *Circus*, e mesmo a probábel **nidificación** de 2 parellas de *Circus pygargus*. Sen ningún outro elemento de análise, nin de valoración, conclúese que o impacto na avifauna e en particular nas especies protexidas, en especial do xero *Circus*, ante o desenvolvemento hipotético deste proxecto sería compatíbel, **algo erróneo e con grave falta de fundamento, ao estar sobradamente probado xa na bibliografía que as aves rapaces son con moita diferenza as especies máis afectadas pola implantación de aeroxeradores, e en particular ante unha situación de declive das súas poboacións** (consúltese a bibliografía citada) cobra aínda maior importancia a súa protección e a protección dos seus hábitats, algo **INCOMPATÍBEL coa instalación dun parque eólico onde nidifican e se alimentan**.

Adicionalmente, a área onde se pretende situar este parque eólico está considerada unha Area Prioritaria para a avifauna ameazada e Zona de protección da avifauna contra as liñas eléctricas de alta tensión, sendo as dúas especies citadas do xénero *Circus*, especies indicadoras deste grao de protección (véxase a RESOLUCIÓN do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

9. Impacto do ruído ambiental causado por aeroxeradores nos procesos cognitivos.

O proxecto coloca os aeroxeradores **MOITO MÁIS PRETO** das aldeas que o documento de inicio de febreiro pasado. Aliña os aeroxeradores nunha ringleira de Norte a Sur, creando unha sinerxía terrible para o impacto sobre a saúde das persoas. Hoxe sabemos que os eólicos provocan diversas doenzas en persoas expostas aos infrasons. Chámase a síndrome das turbinas eólicas, e vén definida, agora na xurisprudencia, por unha sentenza dun tribunal de Toulouse (Francia) que concedeu indemnizacións a dúas veciñas que reclamaron polos problemas de saúde ocasionados por un polígono eólico con máquinas entre 700 metros e 1.300 metros da súa casa.

Cales son os riscos (e as afeccións xa documentadas) que están dispostos a asumir as autoridades galegas a respecto dun polígono eólico que en Alemaña sería ilegal (polas distancias)? De novo, apelamos á responsabilidade dos avaliadores públicos e ao principio de prudencia.

Estas son as distancias que figuran no plan da empresa:

- ⌚ Á Cigarrosa, 603 metros – ILEGAL EN ALEMAÑA (onde a lei Rx10 afastaría máquinas destas dimensións a máis de 1 quilómetro).
- ⌚ A Cardeo, 640 metros – ILEGAL EN ALEMAÑA
- ⌚ A Albos, 743 metros – ILEGAL EN ALEMAÑA
- ⌚ A Gontán, 850 metros – ILEGAL EN ALEMAÑA
- ⌚ A Fontechide, 1.093 metros (esta aldea ten aeroxeradores do P.E. do Vieiro a menos de medio quilómetro).
- ⌚ A Laioso, 1.226 metros.
- ⌚ A Casal do Bispo, 1.312 metros.

O impacto que orixinan as turbinas eólicas sobre a saúde, tanto física como mental, das persoas é materia de debate e investigación nos últimos anos debido á crecente implantación de proxectos eólicos que salpican a paisaxe, tanto en Galiza como noutras zonas europeas. Deuse en coñecer como a síndrome das turbinas eólicas un conxunto de alteracións físicas e psicolóxicas que afectan aos suxeitos de diferentes idades residentes en zonas próximas, entre 1,5 e 3 quilómetros, ás referidas turbinas. Entre as anomalías descritas destacan as cefaleas frecuentes, tinnitus (ruídos persistentes no oído acompañados de vertixe), mareos, náuseas, visión borrosa, aumento da presión sanguínea, taquicardia, irritabilidade, perdas de memoria e de concentración, episodios de pánico e alteracións do sono. Unha das causas, non a única, é o ruído ambiental que producen as turbinas; neste escrito tratarase de profundar sobre como este afecta aos procesos cognitivos humanos, sustentos da extraordinaria capacidade de procesamento e razoamento das persoas.

Que son os procesos cognitivos?

A cognición, do latín COGNOSCERE —“coñecer”—, fai referencia ao conxunto de procesos mediante os que a información sensorial entrante é transformada, reducida, elaborada, almacenada, recordada ou utilizada (Neisser, 1967). Clasicamente, os procesos cognitivos humanos clasifícanse en básicos, (percepción, atención e memoria) e superiores (linguaxe, pensamento e aprendizaxe); esta clasificación alude ao requirimento funcional dos primeiros para a correcta execución dos segundos.

Efectos directos do ruído sobre a capacidade atencional e a memoria das persoas.

O ruído ten múltiples efectos, á parte de influír negativamente na capacidade de comunicación, pode afectar a nivel emocional e físico, por exemplo, aumentando a tensión arterial e causando problemas cardiovasculares a longo prazo; pero, ademais, o ruído afecta negativamente ao rendemento intelectual. Xa nos anos oitenta do século pasado, Alan Baddeley, dende a unidade de psicoloxía aplicada do Consello de Investigación Médica en Cambridge, investigou os efectos do ruído sobre a capacidade atencional e a memoria das persoas. **Descubriuse que o murmurio, de tan só 35 dB inflúe sobre a memoria verbal a curto prazo, podendo afirmar que incluso contidos fonéticos insignificantes distraen a atención e reducen a capacidade de memorización dos suxeitos.** Baddeley apuntou á hipótese do bucle fonolóxico como responsábel; pense o lector nunha especie de cinta de gravación que rexistra o compoñente fonético que penetra nos oídos, por exemplo, un número de teléfono, que se acaba gravando a base de múltiples repeticións.

Estudos mais recentes apuntan na mesma dirección; por exemplo, a psicóloga Maria Klatter, profesora da Universidade de Kaiserslautern (Alemaña), conduciu unha investigación que abordaba os efectos das contornas ruidosas sobre a capacidade de aprendizaxe nas aulas de primaria, revelando que os ambientes ruidosos enlenteceían a capacidade de aprendizaxe da fala e da lectura.

Certo é que aínda a día de hoxe se descoñece por que a nosa memoria a curto prazo é tan sensíbel ao ruído de fondo, no entanto, as consecuencias no día a día resultan indiscutíbeis, posto que a memoria a curto prazo é fundamental para comprender frases complexas, calcular ou reter datos, entre outras. Un dos procesos cognitivos básicos que poden estar detrás destes achados é a capacidade de atención selectiva, ou rede atencional anterior, compoñente executivo de supervisión e control cognitivo. Os estudos que empregan o test *stroop* así o confirman. Neste test os suxeitos enfróntanse á tarefa de responder á cor da tinta dunha palabra que pode referir unha cor diferente (p. ex. “verde” escrito en cor vermella) e require a capacidade de abstracción do estímulo irrelevante —o significado da palabra— a favor do procesamento do estímulo obxectivo —a cor da tinta— (Jiménez e Méndez, 2009). Hartley e Adams (1974) foron os primeiros en poñer de manifesto, mediante o test *stroop*, que a capacidade de atención selectiva se ve seriamente

afectada polos sons de fondo, concluíndo que o efecto de interferencia, ademais, é superior cando o período de exposición ao ruído é prolongado.

Efectos indirectos do ruído sobre os procesos cognitivos.

Como se puxo de manifesto en liñas anteriores, a exposición directa ao ruído, máxime cando esta exposición é prolongada, afecta ás capacidades atencional e mnésica. Non obstante, existe tamén unha relación indirecta que afecta negativamente á capacidade de procesamento que ten que ver co feito de que o ruído ambiental prexudica e diminúe a cantidade e calidade do sono das persoas afectadas.

A falta de sono reduce a función cerebral en múltiples aspectos, non só na capacidade atencional e de memoria. Implica, así mesmo, un deterioro da sincronización neuronal, unha maior labilidade emocional, un procesamento preferente de estímulos negativos e comportamentos máis arriscados. Pero volvendo sobre os procesos psicolóxicos básicos, deteñámonos nos últimos avances científicos que fan uso de técnicas de neuroimaxe para abordar como inflúe no cerebro a falta de sono. Krause e colaboradores atoparon que en persoas privadas de sono, ao levar a cabo tarefas que requirían concentración, a actividade diminuía en rexións cerebrais que controlan a atención (o córtex prefrontal dorsolateral) e no tálamo, “porta da nosa conciencia”. Ademais, a actividade no hipocampo, rexión intimamente relacionada coa memoria e a orientación, tamén se reducía, o que pode entorpecer a consolidación de novos recordos.

Durmir pouco, ou mal, comporta serios riscos para a saúde. O equipo do Centro Aeroespacial Alemán, encabezado polo doutor David Elmenhorst, comprobou que bastan catro noites, cun máximo de cinco horas de sono para que se produzan perdas no rendemento das persoas. A capacidade de atención e coordinación oculomotora dos suxeitos era similar á que manifesta un individuo cunha taxa de alcoholemia de 0,6 gramos de alcohol en sangue. A isto cabe sumar que, de xeito parecido ao que ocorre coas persoas bébedas, os suxeitos séntense máis espertos e “agudos” do que realmente están, minusvalorando o detrimento causado pola falta de sono.

Na Memoria do EIA, a promotora recoñece niveis de ruído nun rango de 40 a 46 dB en Fontechide, Laioso, Gontán, Casal de Bispo, A Cigarrosa, Albos e Cardeo durante a fase de obra, e dun rango entre 35 e 40 dB na fase de explotación na Cigarrosa, Albos, Cardeo e Fontechide.

O estudo sobre os impactos do ruído na saúde das persoas que vivan na contorna da central eólica apenas ocupa 16 páxinas, non se basea en medicións directas nin ten en consideración sinerxías coa outra instalación eólica que afecta á area (P.E. O Vieiro), **nin fai referencia ningunha aos infrasons**, que son precisamente os que motivaron a sentenza francesa favorábel á parella denunciante. O estudo é clamorosamente incompleto cando a decisión da promotora de mudar a localización de varios aeroxeradores produciu precisamente o efecto de achegar a central ás poboacións.

Conclusións.

A principal conclusión, logo de revisar os diferentes estudos citados, ademais de outros moitos que, por razón de espazo, non se inclúen nesta pequena reflexión, é que o ruído ambiental, ben sexa pola presenza de aeroxeradores na contorna, como de outros posíbeis estímulos externos, produce irremediabelmente unha fatigabilidade atenta; comporta, pois, un detrimento nas capacidades de procesamento dos suxeitos para alcanzar un nivel de concentración óptimo. Isto, que a priori, en estudos de laboratorio, se demostrou con suxeitos de idades tanto infantís como en poboación adulta, resulta altamente inquietante se o trasladamos á realidade poboacional do medio rural galego, no que a media de idade se sitúa moi por riba dos probandos experimentais. A poboación xeriátrica é especialmente sensíbel a problemas de atención e conciencia e determinadas medicacións, enfermidades crónicas ou a diminución da capacidade cognitiva inherente á idade serían factores de risco adicionais para padecer episodios de hipoproxesia, a incapacidade para focalizar, soste e dirixir a atención adecuadamente.

Conxuntamente, ao mesmo tempo que a capacidade atencional se ve afectada, tamén diminúe a capacidade de memoria, feito que preocupa especialmente á poboación maior. Neste sentido cómpre destacar que os trastornos do sono, á parte de afectar ao rendemento cognitivo, tamén parecen ser responsábeis dunha maior acumulación de proteínas amiloides no cerebro, como pon de manifesto unha recente investigación publicada no xornal Science (Holth et al, 2019), o que pode levar a padecer trastornos neurocognitivos maiores como a enfermidade de Alzhéimer ou outras demencias.

É, por tanto, necesaria unha maior implicación da sociedade, así como da comunidade científica, en afondar no coñecemento de como unha das novas enerxías renovábeis, como é a enerxía eólica,

pode coexistir coa poboación sen causar alteracións e/ou trastornos na saúde das persoas; quizais a chave estea na distancia...

A revisión do Plan Sectorial Eólico de Galiza, no ano 2002, xa se refería a que “hoxe en día existen alternativas comerciais de aerogeradores de 1.500 kW e atópanse en fase de desenvolvemento máquinas de 3.000 kW, polo que se prevé que a súa evolución continúe cara a aerogeradores de maior potencia”. Resulta obvio que a proposta de instalación verbo da que se alega ao presente, se afasta significativamente daquelas condicións determinadas pola tecnoloxía de aerogeradores empregada no ano 2002.

Nota bibliográfica deste apartado:

- *Elmenhorst et al. (2009). Performance impairment during four days partial sleep deprivation compared with the acute effects of alcohol and hypoxia. Sleep Medicine, 10, 189-197.*
- *Hartley e Adams (1974). Effects of Noise on the Stroop Test. Journal of Experimental Psychology, 102, 512-516.*
- *Holth et al. (2019) The sleep wake cycle regulates brains interstitial fluid tau in mice and CSF tau in humans. Science, 363, 880-884.*
- *Jiménez e Méndez (2009). Concious expectancies vs. Automatic adaptation to conflict in a stroop task. 13th. Annual Conference of the Association for the Scientific Study of Conciousness. Berlín, Alemania.*
- *Klatte et al. (2010). Effects of classrom acoustics on performance and well-being in elementary school children: A field study. Environment and Behavior, 43, 659-692.*
- *Krause et al. (2017) The sleep-deprived human brain. Nature Review Neuroscience, 18, 404-418.*
- *Neisser, U. (1967). Cognitive psychology. Appleton-Century-Crofts.*

10. Freo á consolidación e futura ampliación dos espazos protexidos. Dinámicas de deterioro do territorio e perda de poboación.

A Unión Europea solicita dilixencia ao Estado español para a ampliación da Rede Natura 2000 en función da Estratexia de Biodiversidade 2020-2030, que esixe a protección de, cando menos, o 30% da superficie da UE, especialmente a través da ampliación da Rede Natura 2000, completándose e asegurando que todas as aves (Directiva Aves) e outras especies e hábitats (Directiva Hábitats) teñan garantida a súa protección diante do deterioro que están a sufrir.

A promotora presenta un proxecto nunha área lindeira coa Rede Natura. É un proxecto, ademais, que fai parte dun complexo eólico maior (atendendo ao deseño da liña de evacuación entre as centrais de Lamas e a do Monte da Neve) que mesmo invade a Rede Natura.

É evidente que analizado o conxunto tal e como hoxe se presenta, o proxecto é un freo á ampliación da Rede Natura nestas comarcas arraianas. Estas infraestruturas aceleran o deterioro do territorio pola perda de poboación; e a perda de poboación, polo deterioro do territorio. As figuras de espazos protexidos dificultan esa dinámica que é a que precisan as corporacións para perpetrar o espolio.

E no presente caso existe un rexeitamento social expreso e masivo ao parque eólico MONTE DA NEVE. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interese dunha empresa as paisaxes agrarias e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician empresas como é o presente caso.

Por todo o anterior,

Solicito

Que tendo por presentadas estas alegacións, se lles dea o trámite oportuno e, en virtude do exposto, **se proceda a resolver negativamente o procedemento** de solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do proxecto de central eólica P.E. Monte da Neve e liña de evacuación, situado nos concellos de Celanova e Verea, na provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/102), referidos no encabezamento do presente escrito, considerando para tal efecto os argumentos esgrimidos.

Que por parte do Consello da Cultura Galega, máximo órgano asesor da Xunta de Galicia en materia de cultura, **se informe sobre a compatibilidade do proxecto** da estación eólica MONTE DA NEVE e os demais parques xa instalados ou en tramitación existentes ou previstos para a mesma área xeográfica **cos valores culturais, paisaxísticos e ambientais da área de afección.**

A adopción da medida cautelar urxente consistente na **suspensión temporal da eficacia do Plan Sectorial Eólico de Galiza e a paralización temporal da aplicación deste**, en tanto non se someta este regulamento á avaliación estratéxica ambiental prevista na Lei 21/2013, de 9 de outubro, de avaliación ambiental.

Que se teña en conta ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), que o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensíbel co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan.

Que ninguén, incluída a promotora deste proxecto e a Xunta de Galicia, teñen dereito a deturpar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan.

Que se teña en conta que no presente caso existe un rexeitamento social expreso e masivo tanto ao parque eólico MONTE DA NEVE como a outras infraestruturas que fan parte do mesmo complexo industrial. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interese dunha empresa as paisaxes agrarias e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician empresas como é o presente caso.

_____, _____ de xaneiro de 2022.

SINATURA: